

MEDOS ROMERO | ESCRITORA

«ESTAMOS HABITANDO UN TEMPO MOI DIFÍCIL PARA A POESÍA»

DONA DUNHA DAS MÁIS BRILLANTES VOCES DA LÍRICA GALEGA CONTEMPORÁNEA, DEFENDE A ABSOLUTA LIBERDADE DO CREADOR FRONTE ÁS SERVIDUMES E AS MISERIAS DO NOSO TEMPO

A traxectoria literaria de poeta e narradora Medos Romero (Somedo, As Pontes, 1950) é a dunha autora decididamente concentrada no que verdadeiramente importa. No substantivo. No fundamental. É dicir, na obra, que ben pouco ten que ver con todo o que hai de accesorio —e polo tanto de superfluo— nos arredores da literatura. Enfermeira de profesión, e ademais herdeira das emocións e as lembranzas dun universo rural que na súa grandeza xa só habita a memoria, a autora de libros como *Do corpo e a súa ausencia* posúe unha voz repleta de fondura, dunha beleza extrema. Unha voz que remite a mundos aos que dificilmente se podería chegar de non ser da man dela.

—Pero este tempo que nós habitamos hoxe xa non é o tempo ao que remiten os seus versos.

—Non o é, non. E hoxe estamos habitando un tempo moi difícil para a poesía. Este mundo de agora só está pendente da inmediatez. Non é un tempo que prime a lectura, nin polo tanto a poesía, senón un xeito de vivir no que o que máis se valora é un ocio de consumo que nada ten en común cunha maneira de pasar pola vida na que se reflexiona. Para ler, para ler de verdade, precísase unha certa calma. Hai que ter sosego. Pensar. E entón é cando o goce da lectura chega. É terrible que isto pase, para a lectura está pelexada co noso tempo.

—¿E quen ten a culpa?

—A culpa témola nós. A xente da nosa xeración, quero dicir. Porque non fomos capaces de transmitirlos aos rapaces o auténtico goce do libro.

—¿En que situación está hoxe a nosa literatura?

—A situación da literatura galega non é fácil. Porque ademais a todos os problemas que existen véñse unir o feito de que non se dan os pasos necesarios para que a nosa literatura poida ser valorada. Alguén, e falo das institucións públicas responsables, non está a facer o seu traballo.

—Parece vostede moi preocu-



«As institucións teríanse que preocupar por normalizar este país», di Medos | JOSÉ PARDO

pada por esta cuestión.

—Si, é que o estou. Síntome moi preocupada. Porque ¿como se vai valorar o que non se coñece? As institucións teríanse que preocupar por normalizar un pouco este país. E hai ademais outro problema tremendo, que é que aquí o autor que vai por libre, que non pertence a ningún deses grupos que se retroalimentan falando uns doutros constantemente, está perdido. Porque quen aquí non conte co apoio dun deses grupos nos que os amigos falan dos amigos é invisible. E, polo tanto, non existe. Mais así e todo, tamén quero dicir que o que ao final importa só é a obra. O autor ten que escribir, seguir creando, por máis que as cousas non lle sexan doadas. Pero é moi triste que aquí haxa grandes escritores que non aparecen por ningunha parte.

—¿Por exemplo?

—Son moitos. Moitos, por desgraza. Pero por citar tres nomes de tres grandísimos autores vouche mencionar a Pexegueiro, a Vilanova e a Forcadela. ¿Como é posible que tres escritores desa valía parezan non existir, que non os chamen a parte ningunha mentres se segue falando do de

sempre, como se a auténtica literatura non tivese valor ningún neste país? Pero insisto no de antes: a obra ten que estar por riba do demais, e hai que saber superar as dificultades. A escritura é o importante.

—E vostede, ¿séntese ben tratada?

—¿Eu...? [Ri]. Home, a min convídanme a recitar en Madrid, en Bos Aires, no País Vasco. En cambio, en Ferrol e na Coruña non, claro. Pero non é algo ao que lle dea maior importancia. Asumo que non estamos nun país normal. E non estar nun país normal levounos a encontrarnos onde hoxe nos atopamos. Iso tamén é unha realidade. Aquí se algo vén de fóra sempre será mellor valorado.

—Á marxe da súa produción narrativa, vostede séntese sobre todo poeta.

—Pois si, claro. Síntome poeta por riba de todo. Inicieime na escritura coa poesía. Cunha poética que foi filla, naqueles comezos, dun mundo moi persoal e moi íntimo. A miña poe-

Quen é

Nacemento
Somedo, 1959

Traxectoria
Séntese ante todo poeta, pero tamén é narradora

Último libro
«Do corpo e a súa ausencia» (2010)

sía naceu de min, das miñas entrañas, e só despois foi saíndo fóra. Pero sexa como sexa, a poesía é parte de min, si que o é.

—E vostede parte da poesía

—Si, tamén.

—Esa poesía, ¿que parte da realidade habita?

—A poesía habita a parte da realidade na que se pregunta sem-

pre. Unha parte da realidade que tamén está moi intimamente vencellada á nosa existencia.

—E quen, coma vostede, se sente esencialmente poeta, ¿que precisa ante todo para poder seguir camiñando, para existir?

—Para poder seguir existindo necesito seguir camiñando na procura da beleza. Fronte a toda esa veneración do inmediato do que antes falabamos, eu sinto que preciso camiñar na procura do que transcende. O xeito de vivir que eu amo non ten moito que ver, ben o sei, co que na actualidade estamos vendo. Pero eu son quen son. Por iso a poesía é algo que teño tan dentro.